



BOP

SÁBADO, 29 DE NOVIEMBRE DE 2025

N.º 275

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

Anuncio

De acordo cos principios de publicidade e transparencia, faise público que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria realizada o 28.11.2025 acordou dar aprobación ás bases para a participación no programa LugoTermal, así como a súa convocatoria

BASES PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA LUGOTERMAL 2025_2026

A Deputación de Lugo ten como un dos seus obxectivos principais promover o benestar social da súa cidadanía, en cumprimento do establecido no artigo 50 da Constitución española, o cal sinala que os poderes públicos promoverán o benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer.

Así mesmo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 36, establece as competencias propias das Deputacións que serán as que lle atribuían en este concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, establecendo, entre outras, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, e asegurar o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal. Neste senso, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, establece como competencias das Deputacións no artigo 109. d) o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma de Galicia para a construción do sistema galego de benestar, entendendo por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se atopan: previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

Así mesmo, a citada LSSG establece que as competencias das deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.

Coa entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), establécese que as entidades locais non asuman competencias que non lles atribúe a lei e para as que non contén co financiamento adecuado. Polo tanto, só poderán exercer competencias distintas das propias ou das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda local.

En virtude de que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia exclusiva en materia de réxime local, de acordo co artigo 27 do seu Estatuto de autonomía, así como de acordo co seu artigo 49 a tutela financeira sobre os entes locais, respectando a autonomía que a estes recoñécenlles os artigos 140 e 142 da Constitución e de conformidade co artigo 27.2 do Estatuto, ditouse a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, a cal no seu artigo 3 establece en relación as competencias das entidades locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, no seu apartado 3. a) que non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, sendo este o caso que nos ocupa, xa que os programas de termalismo lévanse desenvolvendo por parte desta Deputación dende o ano 2011 nas súas diferentes edicións, dirixidos ás persoas maiores empadroadas en calquera concello da provincia de Lugo, coa contratación dos balnearios autorizados pola autoridade competente para utilizar as augas minero-medicinais declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, da provincia de Lugo, segundo o establecido no artigo 22 da Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Deputación de Lugo pretende levar a cabo, un ano mais, o programa preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal, potenciando o envellecemento activo a través do termalismo, denominado "LugoTermal". Este programa ten como obxectivo principal a mellora da calidade de vida das persoas participantes, cun carácter preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal a través dos tratamentos/técnicas termais, estando dirixido a persoas que teñan 50 anos ou máis e que se topen empadroadas nalgún concello da provincia de Lugo, podendo levar consigo unha persoa en calidade de acompañante, que non cumpra os requisitos sinalados.

Co obxecto de seleccionar ás persoas participantes deste programa establécense as presentes bases de selección e a súa convocatoria.

Base 1. Obxecto

O obxecto destas bases é a oferta de prazas para tratamentos termais, con e sen estancia, na provincia de Lugo dentro do programa de Benestar Social da Deputación de Lugo denominado LugoTermal, así como, proceder a súa convocatoria.

A tal efecto enténdese por establecementos balnearios da provincia de Lugo aqueles que empreguen as augas mineromedicinais declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, segundo a Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia e se atopen nalgún dos concellos desta provincia con actividade termal.

Base 2. Participantes

Poderán ser persoas beneficiarias do programa, de Benestar Social da Deputación de Lugo, LugoTermal en establecementos balnearios da provincia de Lugo aquelas que reúnan os seguintes requisitos na data na que solicite a participación no programa e os manteñan durante todo o programa:

- A persoa solicitante titular do Programa deberá cumprir os requisitos de estar empadroadada nalgún dos concellos da provincia de Lugo e ter cando menos os 50 anos cumpridos. A titular, poderá participar cunha acompañante que non cumpra os requisitos contemplados neste parágrafo.
- Valerse por se mesma para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa, excepto no caso de fillos/as que acudan en calidade de acompañantes, os cales deberán compartir habitación co/s proxenitor/es, o/s cal/es serán os responsables das mesmas.
- Non padecer alteracións do comportamento que podan afectar á normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmissible con risco de contaxio.
- Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.

Base 3. Prazas convocadas

Convócanse para participar no programa LugoTermal as prazas reflectidas no Anexo II na modalidade A, tratamentos con estancia, así como, na modalidade B, tratamentos sen estancia, que se levarán en diferentes quendas e establecementos termais da provincia de Lugo durante o período comprendido dende a aprobación e entrada en vigor das presentes bases ata o 12.12.2026. En todo caso, o inicio da prestación dos servizos termais estará supeditada ao expediente de contratación vinculado ao mesmo.

Base 4. Servizos e prestacións ofertados

Modalidade A, tratamentos con estancia:

- Serán estanzas, nos establecementos termais da provincia de Lugo que participen no programa, de seis (6) días e cinco (5) noites en réxime de pensión completa en habitacións de uso compartido. Con carácter xeral, o domingo será o día de entrada.
- Se atenderá a dispoñibilidade dos establecementos para concretar o momento de acceso e saída aos mesmos, sendo acordado previamente coas participantes, pero en todo caso, cada participante terá incluída unha pensión completa entre os días de entrada e saída (almorzo, xantar e cena).
- Con carácter xeral cada persoa participante do programa LugoTermal e por estancia terá cinco (5) días de tratamento nos cales se lles aplicarán como mínimo de quince (15) técnicas termais e total. Non se aplicarán as técnicas termais, cando estea contraindicado polo médico do establecemento termal correspondente, ou cando a persoa usuaria así o solicite expresamente, tendo que facilitarlle o balneario algunha alternativa, sempre que sexa viable e posible, sen custe adicional.
- Os tratamentos termais realizaranse utilizando as técnicas específicas de cada modalidade terapéutica concertada, adecuadas á circunstancia persoal de cada participante, en función da tolerancia e características da mesma, e baixo prescrición facultativa e seguimento médico.
- As persoas participantes terán un recoñecemento médico previo a aplicación das técnicas termais, co obxecto de coñecer a súa situación médica inicial e prescribir o tratamento termal mais axeitado. O/a médico do establecemento termal deberá efectuar un correcto seguimento dos tratamentos/técnicas termais co obxecto de controlar a evolución nos participantes, co especial vixilancia daquelas persoas que

padecen enfermidades crónicas ou se atopan en tratamento farmacolóxico que puidera verse afectado por estas técnicas termais. Poderase realizar un último control médico emitíndose un informe, a petición da persoa usuaria, no que se describan tódalas características do tratamento efectuado, a evolución durante o mesmo, así como, as posibles recomendacións.

- f. Se terán en conta as características das participantes do programa á hora de confeccionar os menús, tendo en conta que as persoas que por prescrición facultativa requiran menú de réxime e así o acrediten, disporán dun menú especial. En todo caso o servizo de manutención poderase realizar en réxime de autoservizo ou con servizo en mesa. Se o establecemento optase polo autoservizo, deberá de prever persoal de apoio para as persoas usuarias que o precisen.
- g. O tipo de almuerzo será, como mínimo, o denominado “continental”, composto por café e/ou infusións, zume, froita, pastelería variada e tostadas, aceite de oliva, manteiga e marmeladas; os menús serán variados, ofertando, polo menos, dúas modalidades diferentes, tanto para o primeiro como para o segundo prato e sobremesa.
- h. Os menús do xantar e da cea incluírán viño de mesa de calidade media e auga embotellada ou a propia do balneario, cando esta teña sido declarada oficialmente como auga mineromedicinal de utilidade pública e apta para a bebida, sobre todo se é para os tratamentos dos aparatos dixestivo, renal ou vías urinarias.
- i. Realizarase a limpeza diaria das habitacións. O servizo de toallas e demais lencería mudárase tendo en conta ás políticas de protección do medio ambiente.
- j. O programa termal se complementará cun programa de animación sociocultural.
- k. As persoas beneficiarias que estean interesadas en aloxarse en habitación individual, teranse que facer cargo da diferenza do custo que supoña, e as que precisen dalgún tipo de apoio ou dieta especial terano que indicar no momento de presentar a solicitude, no momento de aceptar a quenda e acreditarlo ao incorporarse.
- l. As beneficiarias que estean interesadas en participar nas excursións ou actividades con custo adicional que organice o establecemento termal ou hostaleiro, deberán de facelo polos seus propios medios e ao seu cargo.
- m. O desprazamento desde o domicilio ata o establecemento termal así como o de regreso correrá a cargo das persoas beneficiarias.

Modalidade B Termalismo sen estancia:

- a. Trátase de recibir como mínimo (trinta) 30 técnicas termais durante dez días (con carácter xeral de luns a venres), sen estancia nos establecementos termais da provincia de Lugo.
- b. Os tratamento termais realizaranse utilizando as técnicas específicas de cada modalidade terapéutica concertada, adecuadas á circunstancia persoal de cada participante, en función da tolerancia e características do mesmo, e sempre baixo prescrición facultativa e seguimento médico.
- c. As persoas participantes terán un recoñecemento médico previo a aplicación das técnicas termais, co obxecto de coñecer a súa situación médica inicial e prescribir o tratamento termal mais axeitado. O/a médico do establecemento termal deberá efectuar un correcto seguimento dos tratamentos/técnicas termais co obxecto de controlar a evolución nos participantes, co especial vixilancia daquelas persoas que padecen enfermidades crónicas o se atopan en tratamento farmacolóxico que puidera verse afectado por estas técnicas termais. Poderase realizar un último control médico emitíndose un informe, a petición da persoa usuaria, no que se describan tódalas características do tratamento efectuado, a evolución durante o mesmo, así como, as posibles recomendacións.
- d. O desprazamento desde o domicilio ata o establecemento termal así como o de regreso correrá a cargo das persoas participantes.

Base 5. Prezo das prazas

Modalidade A, Termalismo con estancia:

Esta modalidade do Programa tería un custe total máximo de 385,55 € con IVE por usuaria e estancia, dos cales a Deputación de Lugo sufragará 110,55 € persoa/estancia e os restantes 275,00 € correrá a cargo de cada persoa participante por estancia.

O citado importe é prezo cerrado para todos os servizos incluídos no programa, sen que proceda efectuar dedución algunha se por calquera causa imputable á persoa beneficiaria esta non desfrutase da totalidade de dito servizos, agás por causas excepcionais, que se detallan nesta base.

Modalidade B, Termalismo sen estancia:

Esta modalidade do Programa tería un custe total máximo a sufragar polas persoas participantes de 264,00 € con IVE. O citado importe é prezo cerrado para todos os servizos engadidos no programa, sen que proceda efectuar dedución algunha se por calquera causa imputable á persoa beneficiaria non desfrutase da totalidade de ditos servizos.

No caso de que unha persoa teña que abandonar por causas excepcionais (falecemento ou enfermidade grave sobrevida dun familiar de primeiro (1º) e ou segundo (2º) grado, indisposición médica, contraindicación sobrevida, etc.) e acreditadas a participación, o establecemento facturará tanto a persoa afectada como á Deputación a parte proporcional do goce da participación. En caso de discrepancia será a Deputación de Lugo quen determine se existen causas xustificadas e acreditadas de xeito adecuado.

Base 6. Presentación de solicitudes

A solicitude, presentárase conforme ao modelo oficial que figura no Anexo I, dirixíndoa ao Sr. Presidente da Deputación de Lugo e presentándoa, preferentemente no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, na sede electrónica desta administración <https://sede.deputacionlugo.org/opencms/opencms/sede> ou ben por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para presentar a solicitude será dende ás 09:00 horas do día seguinte hábil á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, quedando aberto o prazo ata o remate do programa ou ata que se esgoten as prazas convocadas.

Constarán impresos normalizados establecidos ao efecto que poderán obter por medios electrónicos na páxina principal da web da Deputación Provincial de Lugo (www.deputacionlugo.gal) ou na propia entidade en formato papel.

Base 7. Solicitudes e documentación complementaria necesaria para a súa tramitación.

- As solicitudes formuláranse no modelo oficial que se indica no Anexo I de estas bases, tendo que acompañalos de copia do DNI ou NIF da persoa interesada en participar, ou documento que regulamentariamente o substitúa e do seu acompañante se fora o caso.
- As solicitudes deberán ter os elementos básicos para poder localizar ás persoas interesadas en participar no programa. As solicitudes que non conteñan os datos mínimos expresados no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non serán cursadas.
- Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o procedemento que ocupa e o código de expediente, se se dispón del.
- A Deputación de Lugo, poderá, se así o considera necesario, solicitar documentación ás persoas interesadas e realizar as comprobacións e verificacións que considere oportunas acerca dos datos e documentos presentados polas solicitantes, con especial mención ao empadramento.
- A presentación das solicitudes supón a aceptación das condicións do programa, requisitos e obrigas fixadas nel, ademais a concorrencia neste procedemento implica a manifestación tácita de consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación consonte co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. A finalidade da recollida e tratamento dos datos de carácter persoal será estritamente tramitación dos expedientes deste Programa. A deputación de Lugo só facilitará os datos básicos das persoas participantes (nome, apelidos, teléfono de contacto e DNI codificado)

Base 8. Instrución

A unidade de Benestar Social e Igualdade será quen procederá a revisar as solicitudes e maila documentación presentada. No caso de estar incompleta, conter erros ou non achegar toda a documentación requirida, poderase reclamar ás solicitantes que emenden os defectos apreciados, de conformidade ao artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procedendo ao desestímulo e ao arquivo da mesma, no caso de non efectuar a emenda solicitada. Ase mesmo, se realizarán de oficio cantas actuacións se estímen necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos que constan na solicitude.

En aras de axilizar o procedemento de tramitación, poderase realizar requirimentos de emendas vía telefónica, que no caso de non ser atendidas en menos de 48 horas, procederase a ser requirido de conformidade co establecido na Lei 39/2015 xa sinalado.

A selección das participantes farase atendendo ao rigoroso orde de rexistro no rexistro xeral da Deputación de Lugo, unha vez completa a solicitude. Cada participante só poderá constar nun expediente, polo que, no caso de que unha persoa apareza en máis dunha solicitude, non será tida en conta, quedando só como válida a solicitude antes rexistrada con independencia de en calidade de que conste: como titular ou como acompañante.

Unha vez completos os expedientes remitíranse aos establecementos termais participantes, para a asignación da quenda oportuna, a cal será acordada entre o establecemento e as solicitantes, tendo en conta as preferencias destas, a dispoñibilidade termal e no recollido nas presentes bases. A data asignada só se poderá modificar unha vez, e sempre e cando exista dispoñibilidade nos establecementos termais. Estes só

terán a obriga de facer dous intentos de asignar data de participación. No caso de ser rechazada ou anulada sen xustificación acreditada, perderán o dereito a participar do programa.

Se a persoa solicitante só indica un establecemento termal e este se topa completo, non se terá e conta para os restantes establecementos. Se a persoa solicitante indica máis dunha preferencia, no caso de non ter praza no establecemento elixido en primeira opción, pasará de xeito inmediato á segunda opción. En todo caso, a Deputación, en aras de sacar o maior rendemento social ao programa, no caso de quedar prazas dispoñibles nun establecemento termal e non ter solicitantes, poderá chamar ás persoas que non teñen asignada praza para ofertarlles a posibilidade de cambio de establecemento, sen ter que tramitar unha nova solicitude.

Unha vez confirmada as datas de participación, os establecementos termais, estes remitirán ditos datos á Deputación de Lugo para proceder á súa aprobación definitiva.

Aquelas persoas usuarias que sexan chamadas e non acepten as condicións ofertadas ou rexeiten participar no programa deberán comunicar dita decisión á Deputación de Lugo, para que estes sexan eliminados da listaxe e podan concorrer outras solicitantes ás prazas, que ata ese momento constarán reservadas para esas persoas.

A resolución das persoas beneficiarias participantes do programa termal, lle corresponde á Presidencia da Deputación de Lugo, sendo obxecto de publicación na web da Deputación de Lugo. Contra a indicada resolución, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo dos cales os interesados poderán exercer calquera outro que consideren procedente: recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, perante o mesmo órgano que adoptou a resolución, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, perante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, computado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución.

Base 9. Comunicación ás persoas interesadas

Todas as comunicacións ás persoas interesadas realizaranse de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos e comunicacións relativas ao Programa que procedan en virtude do procedemento administrativo, faranse públicas no taboleiro de Anuncios da Deputación e na páxina www.deputacionlugo.org xurdindo a publicación os mesmos efectos que a notificación. Non obstante cando a Administración estime que a publicación efectuada resulta insuficiente, e co obxecto de axilizar o procedemento, poderá efectuar adicionalmente notificación individual por correo electrónico á dirección que as interesadas designasen ou de xeito telefónico, por razóns de prazos (data de acceso ao establecemento termal asignado). O prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será de cinco días.

Base 10. Confirmación das prazas e listaxe de agarda

Unha vez notificada a concesión da praza, para poder facer uso dela, as persoas beneficiarias terán a obriga de presentar a Acreditación Termal Nominativa, que será facilitada pola Deputación de Lugo, para a súa presentación no establecemento Termal na quenda correspondente, que lle acreditará como participante do Programa.

As persoas solicitantes que, cumprindo os requisitos establecidos para participar no presente programa, non obteñan praza, quedarán incluídas nunha listaxe de agarda e serán chamadas por rigorosa orde de rexistro-validación da solicitude, segundo queden vacantes dispoñibles na/s opción/s elixida/s.

Cando a persoa solicitante titular sexa chamada dúas veces e non se obteña resposta, poderá o centro xestor pasar á seguinte da listaxe, co fin de axilizar o procedemento, sen que isto supoña a expulsión da listaxe.

Existirá a posibilidade de que calquera participante do programa LugoTermal poda volver a participar no mesmo, sempre e cando existan prazas sen cubrir e non exista listaxe de agarda. En último termo, as novas solicitantes sempre terán prioridade sobre estas.

Base 11. Renuncia á praza.

No caso de que a persoa beneficiaria renuncie á praza outorgada no programa LugoTermal deberá comunicalo por escrito empregando a declaración de renuncia á participación no modelo Anexo III, no prazo de 10 días contados a partir da notificación do outorgamento á Deputación Provincial de Lugo. De non presentarse a renuncia no prazo establecido será motivo de exclusión directa para novas solicitudes. As participantes non poderán volver a optar a novas solicitudes deste programa, salvo que a renuncia sexa xustificada de xeito adecuada (problemas de saúde, familiares, etc.).

A persoa beneficiaria no caso de non poder acudir o día de entrada no establecemento termal asignado, deberá comunicar tal circunstancia ao mesmo coa máxima prisa, podendo facelo de xeito telefonico, así como, deberá comunicar tal circunstancia con posterioridade á Deputación de Lugo.

A beneficiaria que tivera outorgada a praza e non se presentase no día e no establecemento asignado perderá o dereito a participar neste programa ao abeiro da resolución que lle concedía este dereito.

Base 12. Perda da condición de beneficiaria do programa.

Ademais das circunstancias establecidas na base 8 das presentes bases, tamén perderán a condición de persoa beneficiaria do programa aquelas que non abonen ao establecemento termal, o importe da cantidade estipulada para a praza que se lle outorgou.

A consignación ou achega de datos ou documentos falseados ou inexactos para a obtención das prazas reguladas polas presentes bases, implicará a cancelación da praza obtida, no suposto de que non se participase na quenda, ou a obriga, por parte da persoa interesada, de abonar o prezo real da praza, sen prexuízo das accións que procedan na aplicación da normativa vivente, si xa desfrutara a quenda.

Base 13. Normativa

Establecementos termais e usuarias deberán de respectar e cumprir a normativa vixente de aplicación propia da natureza da actividade

Lugo, 28 de novembro de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 25.06.2025, o DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.



ANEXO I SOLICITUDE 2025_2026

1. DATOS PERSOA TITULAR SOLICITANTE (ACOMPANHAR COPIA DO DNI)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI	DATA NACEMENTO

CONCELLO NO QUE SE ATOPA EMPADROADA

1.1 DATOS DE CONTACTO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

DOMICILIO (RÚA, NÚMERO, ESCALEIRA..)	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	TELÉFONO/S

1.2 PREFERENCIAS

MODALIDADE	___ CON ESTANCIA	___ SEN ESTANCIA
ESTABLECEMENTO THERMAL DE PREFERENCIA 1		ESTABLECEMENTO THERMAL DE PREFERENCIA 2
ESTABLECEMENTO THERMAL DE PREFERENCIA 3		MES DE PREFERENCIA (DATA DE REFERENCIA)

1.3 DECLARACIÓN RESPONSABLE DA TITULAR, DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que son certos os datos que consigno na presente solicitude,

manifestando que quedo informado/a da obriga de comunicar á Deputación de Lugo calquera variación que dos mesmos puidera producirse no sucesivo, así como:

-Que **SI** me vallo por min mesmo/a para as actividades da vida diaria.

-Que **SI** estou en condicións de participar no programa LugoThermal.

-Que **NON** presento alteracións do comportamento que me impidan a convivencia nos establecementos termiais.

-Que **NON** padezo enfermidade transmissible con risco de contaxio.

-Que **NON** teño contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termiais e **ACEPTO** as bases do programa LugoThermal engadido o relativo á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais

2. DATOS DA PERSOA ACOMPANHANTE (ACOMPANHAR COPIA DO DNI)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI	DATA NACEMENTO

2.1 DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA ACOMPANHANTE, DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que son certos os datos que consigno na presente solicitude, manifestando que quedo informado/a da obriga de comunicar á Deputación de Lugo calquera variación que dos mesmos puidera producirse no sucesivo, así como:

-Que **SI** me valgo por min mesmo/a para as actividades da vida diaria.

-Que **SI** estou en condicións de participar no programa LugoThermal.

-Que **NON** presento alteracións do comportamento que me impidan a convivencia nos establecementos termiais.

-Que **NON** padezo enfermidade transmissible con risco de contaxio.

-Que **NON** teño contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termiais e **ACEPTO** as bases do programa LugoThermal, engadido o relativo á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web seguinte: http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/servizo_thermalismo

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
RESPONSABLE	Deputación de Lugo
RESPONSABLE	Benestar Social e Igualdade
FINALIDADE	Servizo de prevención da dependencia a través do envellecemento activo. O obxecto é facilitar a asistencia, aos tratamentos que nos balnearios se prestan, ás persoas maiores de 50 anos, para que estas reciban tratamentos termiais por prescrición facultativa, cuxo fin sexa a prevención, a rehabilitación dunha doenza ou a prevención e/ou curación
LEXITIMACIÓN	RGPD: 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. Lei 8/1989, de 15 de xuño, de delimitación e coordinación das competencias das Deputacións Provinciais de Galicia
DESTINATARIOS	Outras administracións
DEREITOS	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos
PROCEDENCIA	O propio interesado ou o seu representante legal

En _____, a ____ de _____ de 202_____

SINATURA DA TITULAR
Asinado (a persoa titular)

SINATURA DA ACOMPANHANTE
Asinado (a persoa acompañante)

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO II

Ofértanse prazas de termalismo nos seguintes destinos, quedando os mesmos subordinados á contratación das prazas termais necesarias de maneira efectiva e cuxas resolucións sexan firmes.

Programa CON ESTANCIA 6 días e 5 noites, entrada domingo, con carácter xeral	Prazas	Técnicas	Custo da praza	Achega usuaria	Achega Deputación
MADRID AIRPORT HOTELES, S.L. (GUITIRIZ)	600	15	385,55 €	275,00 €	110,55 €
BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L. (LUGO) ^{3,4}	48	20	385,55 €	275,00 €	110,55 €
HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS, S.L. (PANTÓN)	72	15	385,55 €	275,00 €	110,55 €
BALNEARIO DE RIO PAMBRE, S.L.(PALAS DE REI) ^{2,4}	600	15	385,55 €	275,00 €	110,55 €

Programa SEN ESTANCIA, 10 días de luns a venres, con carácter xeral	Prazas	Técnicas	Achega usuaria
MADRID AIRPORT HOTELES, S.L. (GUITIRIZ) ¹	180	30	264,00€
BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L. (LUGO) ^{3,4}	240	40	264,00€
HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS, S.L. (PANTÓN)	180	30	264,00€
BALNEARIO DE RIO PAMBRE, S.L. (PALAS DE REI) ^{2,4}	180	30	264,00€

1 Facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia.

2 Desconto do 10% nas estancias e prestacións en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal

3 Desconto do 20% nas estancias e prestacións en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal

4 Desconto do 10% a aplicar nas tarifas oficiais ás persoas usuarias por servizos ou prestacións complementarias

Anexo III**Declaración renuncia á praza**D./D^a.

co DNI/NIF

na miña condición de beneficiaria do programa LugoTermal

☐ Renuncio á participación no programa LugoTermal

En

, a

de

de 202

(sinatura da persoa beneficiaria)

R. 3376

CONCELLOS**BÓVEDA***Anuncio*

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de crédito 5/2025- expediente de suplemento de crédito - dentro do vixente Orzamento por importe de **32.701,00 €** (trinta e dous mil setecentos un euros), ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público daquel (BOP nº 251, de data 31/10/2025), en aplicación do disposto no artigo 169, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, faise público resumido por capítulos:

ORZAMENTO DE GASTOS			ORZAMENTO DE INGRESOS	
Aplicación Orzamentaria		AUMENTO (EN EUROS)	Aplicación orzamentaria	AUMENTO (EN EUROS)
Por progr.	Económica		Económica	
1531	227	11.616,00	87000	32.701,00
1531	609	6.000,00		
161	609	1.300,00		
231	227	6.000,00		
312	212	2.000,00		
330	227	1.110,00		
334	226	3.000,00		
920	227	1.675,00		
Total		32.701,00	Total	32.701,00

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de crédito 5/2025 no orzamento para o ano 2025, os interesados/as debidamente lexitimados poderan interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Bóveda, 24 de novembro de 2025.- O alcalde-presidente, D. José Manuel Arias López.

R. 3331

CASTROVERDE*Anuncio*

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno desta Corporación, de data 27 de novembro de 2025, o orzamento xeral, bases de execución, e cadro de persoal para o exercicio económico 2026, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e demais disposicións concordantes, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días hábiles que

empezarán a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde- Presidente desta Corporación.

De conformidade co acordo adoptado o orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se formulan reclamacións.

Castroverde, 26 de novembro de 2025.- O alcalde, Xosé M^a Arias Fernández.

R. 3352

COSPEITO

Anuncio

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 25 de setembro de 2025, de aprobación da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cospeito, cuxo texto íntegro se fai público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

TEXTO

Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Cospeito

Índice

Título I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

Artigo 3. Réxime xurídico. Plan estratéxico de Subvencións.

Artigo 4. Compatibilidade de subvencións.

Artigo 5. Contía das subvencións.

Título II. Beneficiarios

Artigo 6. Beneficiarios. Requisitos.

Artigo 7. Obrigacións dos beneficiarios.

Artigo 8. Documentación acreditativa do cumprimento de requisitos e obrigacións polos beneficiarios.

Título III. Procedemento

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 9. Procedementos de concesión.

Artigo 10. Consignación orzamentaria.

Artigo 11. Garantías a esixir aos beneficiarios.

Artigo 12. Pagos a conta ou anticipados.

Artigo 13. Órganos competentes para a concesión de subvencións.

Artigo 14. Criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións.

Artigo 15. Modificación das condicións da subvención.

Artigo 16. Publicidade das subvencións.

Capítulo II. Procedemento de concorrencia competitiva

Artigo 17. Modalidades do procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva.

Artigo 18. Contía máxima ou estimada das subvencións convocadas.

Artigo 19. Criterios de outorgamento das subvencións.

Artigo 20. Iniciación: Convocatoria.

Artigo 21. Prazo mínimo de presentación de solicitudes.

Artigo 22. Órgano Instrutor e de Valoración de solicitudes.

Artigo 23. Reformulación de solicitudes.

Artigo 24. Resolución.

Capítulo III. Procedemento de concesión directa

Artigo 25. Réxime xurídico.

Artigo 26. Procedemento.

Título IV. Procedemento de xestión e xustificación de subvencións

Artigo 27. Xustificación da subvención. Modalidades.

Artigo 28. Libros e rexistros contables.

Artigo 29. Prazo de realización de actividade e prazo de xustificación.

Artigo 30. Gastos subvencionables.

Artigo 31. Subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios.

Artigo 32. Comprobación das subvencións.

Artigo 33. Reintegro de subvencións.

Artigo 34. Réxime sancionador.

Título V. Control financeiro de subvencións

Artigo 35. Normativa de aplicación

Artigo 36. Exercicio do control financeiro

Título VI. Premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza

Artigo 37. Réxime xurídico

Disposición final. Entrada en vigor

Exposición de motivos

O Concello de Cospeito ven realizando unha importante actividade subvencional que se proxecta sobre distintos ámbitos da vida social, coa finalidade de dar resposta a determinadas demandas sociais e promover aquelas actividades privadas que se consideran de interese público. Resulta necesario adecuar a actividade de fomento ao establecido na Lei 38/2003, de 17 novembro, Xeral de Subvencións cuxos preceptos resultan de aplicación ás Entidades Locais, de conformidade co establecido na súa Disposición Final Primeira así como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e normativa de desenvolvemento.

A Lei 38/2003 Xeral de Subvencións no seu artigo 17 apartado segundo establecía que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións locais debían aprobarse ben no marco das bases de execución do Orzamento, ben a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ben mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

Con posterioridade entrou en vigor o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, de desenvolvemento regulamentario da Lei Xeral de Subvencións, de aplicación así mesmo ás entidades locais e, desde a devandita data diversas normas introduciron modificacións na lexislación mencionada, entre elas, a Lei 15/2014 do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, polo que se fai necesario a súa adecuación e regularización.

Por tanto, a presente Ordenanza regulará o réxime xurídico xeral das subvencións que se outorguen por esta Corporación, calquera que sexa o seu obxecto e finalidade, sen prexuízo das especialidades que poidan acordarse a través dunha ordenanza específica. As subvencións que por razón da materia contasen cunha ordenanza específica propia rexeranse pola mesma, sendo, en calquera caso, a presente Ordenanza de aplicación supletoria.

Por tanto, e en aras de garantir o principio de seguridade xurídica establécese unha regulación coherente co resto do ordeamento xurídico regulador do procedemento de concesión de subvencións, contendo a regulación imprescindible para atender á necesidade que se pretende cubrir, cumprindo o principio de proporcionalidade sendo o instrumento máis axeitado para garantir os principios de necesidade, eficacia e eficiencia desta normativa e a súa razón de interese xeral.

Artigo 1. Obxecto.

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico xeral das subvencións outorgadas polo Concello de Cospeito na medida en que ditas subvencións sexan consecuencia do exercicio de potestades administrativas.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

1. Enténdese por subvención, para os efectos desta Ordenanza, toda disposición dineraria que cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 da Lei Xeral de Subvencións, sexa realizada polo Concello de Cospeito a favor de persoas públicas ou privadas, calquera que sexa a denominación dada ao acto ou negocio xurídico do que se deriva dita disposición.

Na convocatoria pública correspondente ou se se trata de subvencións de concesión directa, nas correspondentes resolucións ou convenios, delimitarase o obxecto, condicións e finalidade da subvención.

2. A presente Ordenanza terá carácter supletorio respecto daquelas subvencións que se regulen por unha Ordenanza específica.

Así mesmo será supletoria nas subvencións consignadas nominativamente no Orzamento, para o non establecido no acto de concesión ou convenio, que conforme o artigo 65 do Regulamento Xeral de Subvencións ten o carácter de Bases Reguladoras.

3. As entregas de bens, dereitos ou servizos cuxa adquisición se realice coa finalidade exclusiva de entregalos a un terceiro, sempre que reúnan os requisitos establecidos no artigo 2 da Lei de Subvencións consideraranse axudas en especie, quedando suxeitas á presente Ordenanza, coas particularidades establecidas na mesma ou na correspondente convocatoria por razón da especial natureza do seu obxecto.

4. Os premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza que se outorguen previa convocatoria quedarán suxeitos á presente Ordenanza nos termos que na mesma se establecen.

5. Non quedan suxeitas ao establecido nestas Bases Xerais as achegas dinerarias excluídas do ámbito de aplicación da Lei Xeral de Subvencións e o seu Regulamento, entre outras, as achegas dinerarias efectuadas para financiar globalmente a actividade dos organismos e entidades das que forme parte o Concello

ou nas que exista contraprestación directa polos beneficiarios nas que se estará ao establecido anualmente nas Bases de Execución do Orzamento.

Artigo 3. Réxime xurídico. Plan estratéxico de subvencións.

3.1 As subvencións obxecto da presente Ordenanza rexeranse, ademais de polo disposto na mesma e nas respectivas bases reguladoras e convocatorias, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS) nos termos da súa Disposición Final Primeira e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RXS) ou normativa que o substitúa, pola Lei 9//2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas Bases de Execución do Orzamento Municipal correspondentes ao ano da convocatoria, polos Convenios de que traian causa ou resolucións no seu caso, e polas demais normas de carácter administrativo que resulten de aplicación, resultando de aplicación supletoria as normas de dereito privado.

3.2 O Concello aprobará un Plan Xeral estratéxico de subvencións, que comprenderán todas as áreas de goberno e os organismos autónomos ou entidades dependentes.

O plan establecerá os obxectivos que se pretenden, os seus custos de realización e fontes de financiamento, e a súa efectividade estará condicionada ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio.

A aprobación e modificación do Plan efectuarase, por regra xeral, con ocasión da aprobación do Orzamento Xeral, e deberá actualizarse para a introdución de novas liñas de subvención. En calquera caso, con ocasión da actualización e avaliación anual, deberán motivarse as desviacións que eventualmente se produzan respecto das súas previsións.

Artigo 4. Compatibilidade de subvencións.

1. As subvencións concedidas polo Concello con carácter xeral e salvo que na convocatoria específica ou resolución se sinala outra cousa, son compatibles con outras achegas dinerarias para a mesma finalidade procedentes doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, sempre que o seu importe, illadamente ou en concorrencia con estas, non supere o custo da actividade subvencionada.

Para ese efecto, o beneficiario deberá comunicar ao órgano concedente a concesión doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada en canto teña coñecemento.

Cando se produza exceso das subvencións percibidas respecto ao custo do proxecto ou actividade, o beneficiario deberá reintegrar o exceso xunto cos intereses de demora correspondentes.

Artigo 5. Contía das subvencións.

1. As subvencións vinculadas ao desenvolvemento de actividades ou proxectos, poderán consistir nun importe certo ou referenciarse en porcentaxe respecto ao custo final do proxecto ou actividade.

2. A contía da subvención en ningún caso poderá exceder do importe solicitado, nin do custo da actividade subvencionada.

4. Fiscalizada a xustificación pola Intervención ditarase resolución no sentido de dar por xustificada, total ou parcialmente, a subvención e determinando, no seu caso, a procedencia de iniciar expediente de reintegro nos termos do Capítulo II do Título II da LXS, ou a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención.

5. O órgano de seguimento rexistrará a situación dos fondos pendentes de xustificación a fin de efectuar o seu seguimento e requirir, no seu caso, dos beneficiarios a presentación dos xustificantes daqueles cuxo prazo estivese vencido e non xustificado.

Non se efectuará o pago de ningunha subvención a aqueles que, transcorrendo os prazos outorgados, teñan pendentes de xustificar pagos de subvencións anteriores ou de parte da mesma subvención.

Artigo 33. Reintegro de subvencións.

O réxime xurídico e procedemento de reintegro das subvencións será o previsto no Título II da Lei Xeral de Subvencións e concordante do Regulamento.

Artigo 34. Réxime sancionador.

1. O réxime xurídico das infraccións, sancións e responsabilidades será o previsto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e Título IV do seu Regulamento.

2. A competencia para a imposición de sancións corresponderá á Alcaldía Presidencia, sen prexuízo das delegacións que poidan efectuarse e do establecido nos Estatutos reitores dos organismos ou entidades dependentes do Concello.

TÍTULO V

Control Financeiro de Subvencións

Artigo 35. Normativa de aplicación

1. De conformidade coas previsións da disposición adicional 14ª da LXS será de aplicación ao control financeiro das subvencións concedidas por esta Corporación, o establecido no título III da devandita Lei sobre o obxecto do control financeiro, a obrigaón de colaboración dos beneficiarios e os terceiros relacionados co obxecto da subvención ou xustificación, así como as facultades e deberes do persoal controlador.

En canto ao procedemento do control, a documentación das actuacións e os efectos dos informes serán de aplicación as normas establecidas nos artigos seguintes.

Artigo 36. Exercicio do control financeiro

1. O control financeiro das subvencións concedidas pola propia entidade exercerase pola Intervención da Corporación.

A intervención poderá solicitar a colaboración de empresas privadas de auditoría cando se careza dos medios adecuados para executar o plan. Cando a auditoría a realice unha auditora privada, corresponderá á Intervención Xeral a dirección e o control de calidade da mesma.

2. O control financeiro realizarase por procedementos de auditoría de acordo coas Normas de Auditoría do Sector Público, ditadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. A iniciación das actuacións de control financeiro sobre beneficiarios efectuarase mediante a súa notificación a estes, na que se indicará a natureza e alcance das actuacións para desenvolver, a data de comparecencia do equipo de control que vai realizalas, a documentación que nun principio debe poñerse ao dispor do mesmo e demais elementos que se consideren necesarios. Os beneficiarios deberán ser informados, ao comezo das actuacións, dos seus dereitos e obrigaóns no curso das mesmas. Estas actuacións serán comunicadas, igualmente, á unidade xestora das subvencións da Corporación.

4. As actuacións de control financeiro poderán documentarse en dilixencias e informes. As dilixencias utilizaranse para deixar constancia dos feitos ou manifestacións producidos durante o desenvolvemento das mesmas que sexan relevantes para os fins do control.

Os informes emitiranse ao finalizar as actuacións e comprenderán os feitos postos de manifesto e as conclusións que deles se deriven así como, no seu caso, as propostas de iniciación dos procedementos de reintegro ou sancionadores que o órgano actuante considere procedente formular á vista das irregularidades detectadas.

5. Os informes de control financeiro serán remitidos pola Intervención ao Alcalde e ao beneficiario final.

6. Á vista do informe o Alcalde adoptará as medidas que resulten necesarias para a mellora da xestión e decretará, no seu caso, a iniciación dos procedementos de reintegro e sancionadores a que haxa lugar. Do informe e das medidas adoptadas darase conta ao Pleno.

TÍTULO VI.

Premios Educativos, Culturais, Científicos ou de Calquera outra Natureza

Artigo 37. Réxime xurídico

1. De conformidade co establecido na Disposición Adicional 10ª da LXS, os premios para conceder polo Concello que teñan natureza de subvención suxeitaranse ao réxime especial establecido no presente Título.

2. As convocatorias axustaranse aos principios de transparencia, concorrencia, obxectividade e non discriminación e nelas deberá recollerse o contido establecido no artigo 23 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións. Sempre que a natureza do premio convocado permita garantirase o anonimato do concursante ata a adxudicación.

3. En atención á natureza da subvención, para optar ao premio non se esixirá acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 da LXS.

Non se poderá efectuar o pago da subvención se o beneficiario non se acha ao corrente no cumprimento das obrigaóns tributarias co Concello ou entidades dependentes, no seu caso. Cando os beneficiarios sexan agrupacións de persoas físicas, deberá nomearse a un representante para cumprir as obrigaóns que como beneficiario corresponden ao grupo.

4. A ordenación e instrución do procedemento corresponderá ao funcionario, ou na súa falta persoal laboral do servizo xestor designado para o efecto, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe pronunciarse a resolución. En particular, terá como atribucións solicitar cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan os premios e propoñer resolución que proceda en base ao informe emitido polo Xurado dos premios.

5. Os traballos serán valorados, de acordo cos criterios establecidos na convocatoria, por un Xurado composto, entre outras, por persoas de recoñecido prestixio ou destacadas polo seu labor ou os seus coñecementos nos temas relacionados co obxecto do premio. O nomeamento das persoas integrantes do Xurado corresponderá á Alcaldía Presidencia.

6. A efectos de xustificación dos premios será aplicable a previsión do artigo 30.7 da LXS.

Disposición final. Entrada en vigor

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da data que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial de Lugo, unha vez que transcorrese o prazo de quince días establecido no art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Cospeito, 21 de novembro de 2025.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 3332

A FONSAGRADA

Anuncio

Procedemento: Aprobación dun Padrón Fiscal

Expediente número: 1262/2025

Aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de outubro do 2025

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 24 de novembro de 2025, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de outubro de 2025, polo importe total de 11.681,85 € (dependencia) e 526,40 € (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada 24 de novembro de 2025.- O alcalde, Carlos López López.

R. 3333

FRIOL

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E VIVEIRO DE EMPRESAS DO MES DE OUTUBRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 10 de novembro de 2025, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de OUTUBRO, por un importe total de 6.178,31€ e, na sesión celebrada o día 17 de novembro, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, do mes de OUTUBRO, por unha base imponible de (405,36 €), máis o IVE (85,13 €), o que fai un total de 490,49 €.

Segundo o disposto no artigo 83.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento dos prezos públicos, que dispoñen dun prazo de 20 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación. A presente publicación, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14.2.c da TRLRHL, poderán interpor recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período da exposición pública dos correspondentes padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. Tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A cobranza en período voluntario tanto do Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar como do Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, dos períodos indicados, terá lugar no prazo de dous meses contados a partir da finalización do período de exposición pública do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia -BOP-, transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos que correspondan, nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2023, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas/IBAN, designadas polos contribuíntes.

Friol, 24 de novembro de 2025.- O alcalde-presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3334

GUNTÍN

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 27 de novembro de 2025 o expediente de modificación de créditos nº MC 15/2025, modalidade SUPLEMENTO DE CRÉDITO dentro do vixente orzamento municipal, en cumprimento do disposto no art. 177 en relación co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, expónse ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Guntín, 27 de novembro de 2025.- O alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 3362

PALAS DE REI

Anuncio

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA CONTRATOS TEMPORAIS DE 1 POSTO DE PEÓN FORESTAL A XORNADA COMPLETA.

BASES DA CONVOCATORIA

1. Obxecto

Visto o PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO do do plan "PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025"

A convocatoria ten por obxecto a contratación laboral de carácter temporal, mediante contrato laboral temporal de 1 posto de peón forestal a xornada completa.

2. Características do posto de traballo ofertado

Denominación do posto:	Peón forestal
Réxime	Contrato laboral temporal
Unidade/Área	Obras
Categoría profesional	10.d
Titulación esixible	Estudios primarios ou equivalentes

Sistema de selección	Concurso-oposición
Núm. de Postos que se convocan	1 posto xornada completa

3. Modalidade e condicións do contrato

Modalidade segundo regulación do RDLex 2/2015 (Estatuto dos Traballadores)	Laboral Temporal.
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Xornada completa
Xornada de traballo (horas semanais e prestación)	8h/día
Retribución bruta	SMI 2025
Código contrato	402

4. Requisitos dos aspirantes

4.1. De carácter xeral (artigo 50 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia)

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

Non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) Non haber traballado en esta administración, 24 meses ou máis nos últimos meses a contar desde a data das bases, segundo o establecido especialmente nos artigos 27 e 28 da Ley 2/2015 do empregado público de Galicia.

Tanto os requisitos imprescindibles, como os méritos que se aleguen, deberán ser acreditados mediante certificacións expedidas polos organismos competentes. A acreditación da experiencia profesional deberá realizarse mediante certificacións oficiais descritivas do tempo e funcións desenroladas: **vida laboral e certificados administrativos, contratos administrativos, contratos laborais ou similares.**

4.2. De carácter específico.

- Certificado de Lingua Galega Nivel 2 (Celga 2) ou equivalente.

- Estudos primarios

- Permiso de conducir B1

-Tarxeta de demandante de emprego inscrito no Servizo Público de Galicia, a procedencia dos candidatos debe de provir da situación de desemprego ou mellora de emprego.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

5. Publicidade.

As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e sede electrónica do Concello de Palas de Rei.

Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo e os sucesivos trámites publicaranse na sede electrónica do concello.

6. Procedemento selectivo.

6.1. Documentación.

As persoas interesadas presentarán no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a solicitude debidamente cumprimentada, e no modelo oficial que se publica como **Anexo I** a estas bases, asinada e dirixida ao Alcalde do Concello de Palas de Rei, xunto coa documentación que na mesma se indica.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou nas oficinas de correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán adiantar á dirección recursoshumanos@palasderei.org, un resgardo de ter presentado a solicitude, dentro do prazo de presentación, indicando como asunto: proceso peón forestal.

6.2. Prazo de presentación de instancias.

Tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

6.3 Admisión.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión.

A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **dous días hábiles** para emendar os erros ou defectos advertidos, a partir da publicación do anuncio na sede electrónica do Concello.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as, quedará elevada automaticamente a definitiva e publicarase nos lugares anteriormente expresados.

No caso de producirse reclamacións, estas serán estudadas e ditarase resolución estimándolas ou desestimándolas. Dita resolución publicarase coa lista definitiva na sede electrónica do Concello.

6.4. Órgano de selección

A Comisión Técnica de Selección será nomeada por resolución do alcalde e axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e terase en conta a normativa reguladora da igualdade entre homes e mulleres.

Os membros do órgano de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no que para o ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

6.5. Colaboradores.

A Comisión Técnica de Selección, en atención ao volume de traballo en relación coa urxencia do procedemento ou debido ás especificacións técnicas das probas establecidas poderá solicitar a asistencia de persoal colaborador entre os empregados do concello ou asesoramento especial, sen que neste caso sexa necesariamente persoal da propia entidade.

O persoal colaborador ou asesor terá dereito ás mesmas cantidades asignadas aos vogais en concepto de asistencia, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que legalmente corresponda aplicar.

En ningún caso estará presente nas votacións da Comisión Técnica de Valoración.

6.6. Sistema de selección e puntuación.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de selección que se indica no cadro que se transcribe na base 2.

Proba de Galego:

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o

coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.

Se o aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá nun tipo test proposto polo tribunal, nun tempo máximo de media hora.

Cualificarase a proba como apto/a ou non apto/a e publicarse mediante anuncio no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Palas de Rei. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas contra as referidas cualificacións.

Estarán exento da realización desta proba aqueles aspirante que posúan o celga 2 ou equivalente. Estes aspirantes terán a cualificación de apto.

7. Fase de concurso (Máximo 4 puntos):

“Méritos computables: Os establecidos no REGLAMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL E BOLSA DE TRABAJO DO CONCELLO DE PALAS DE REI publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Boletín Número 087, de 17/04/2006

1. Méritos Profesionais

- Por mes traballado ou fracción superior a quince días en Administración Pública en igual posto ou similar: 0,10 puntos

- Por mes traballado ou fracción superior a quince días en empresa pública ou privada, cando sean por conta allea, en igual posto ou similar: 0,05 puntos, hasta un máximo de 1,5 puntos

2. Formación extraacadémica recibida.

Considerarase neste apartado a asistencia a cursos, seminarios, congresos, jornadas ou similar impartidos por organismos públicos e/ou oficiais, e organismos privados, relacionada co posto a desempeñar, valorándose mediante a aplicación da seguinte fórmula:

Centros de Formación Públicos: Nº horas X 0,005 puntos.

Centros de Formación Privados: Nº horas X 0,002 puntos.

Aplicarase a fórmula de valoración a aqueles cursos dunha duración inferior ou igual, nunca superior a 250 horas, e dicir, o máximo establecido na duración dun curso para o seu cómputo e de 250 horas.

Neste apartado non se valorará a titulación académica esixida para o acceso ao posto correspondente nin as que resulten necesarias para obter a titulación superior.

Valoraranse outras titulacións académicas complementarias e directamente relacionadas co posto con 1 punto.

3. Formación extraacadémica impartida.

Considerarase neste apartado os cursos, as conferencias, os seminarios, as comunicacións a congresos, as ponencias, etc. organizados polos organismos públicos e as publicacións.

Por cada hora de curso: 0,05 puntos.

Por conferencia ou ponencia en cursos, seminarios ou xornadas: 0,15 puntos.

Por cada comunicación: 0,10 puntos.

Por cada artigo en revista especializada: 0,40 puntos.

Por cada capítulo de libro: 0,40 puntos/Nº de autores, sin poder exceder de 1 punto.

Por cada libro: 1 punto/Nº de autores.

8.- Fase de oposición (Máximo 6 puntos)

Realizarase unha proba práctica relacionada co posto ofertado e onde o tribunal a valore.

8.1. Acreditación

Os méritos alegados acreditaranse mediante a copia auténtica dos diplomas ou certificados expedidos polos organismos ou entidades correspondentes.

A experiencia laboral deberá vir debidamente acreditada cos contratos de traballo ou certificados de empresa, onde se indique de forma clara o seu inicio e finalización dos mesmos, así como a categoría profesional pola que fora contratado.

Achegarase así mesmo, informe de vida laboral.

8.2. Valoración, relación de aprobados e proposta de resolución.

A cualificación definitiva do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas nos dous exercicios, da fase de oposición mais a dos méritos acreditados na fase de concurso.

Finalizado o proceso de realización das probas establecidas e a avaliación dos méritos que anteriormente se concretan, a Comisión Técnica de Selección confeccionará a listaxe dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, e remitirá ao órgano competente proposta de candidato/a para a formulación do contrato, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para alegacións que resolverá o Alcalde, previo informe da comisión de selección.

O órgano competente procederá á formalización do contrato previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

9. Constitución de bolsa de emprego

Constituirase una bolsa de emprego coas persoas que superen a fase de concurso e non resultaran seleccionadas para a formalización do contrato, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente, debidas a calquera circunstancia sobrevida. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida na oposición mais os méritos acreditados, seguindo o procedemento de publicidade e alegacións descrito no apartado anterior.

10. Incidencias

A Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, e o Convenio Colectivo do Persoal do Concello de Palas de Rei.

ANEXO I INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

TRATAMIENTO	Provision de postos de traballo
Responsable do tratamento	Concello de Palas de Rei, Avda Compsotela 28 27200 Palas de Rei. correo electrónico: info@palasderei.org; teléfono 982380001
Finalidade e prazos de conservacion	Xestión e tratamento das convocatorias públicas de selección de persoal para os postos de traballo vacantes na organización de concello. Xestión das probas de selección e valoración de méritos aportados , publicidade e transparencia do proceso selectivo. Os datos proporcionados conservaránse durante o tempo necesario para cumprir ca finalidade para que foron recabados e para determinar posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e/o tratamento de datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivo e documentación no sector público.
Lexitimación do tratamento	A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha obrigaón legal regulada na Lei 30/1984, d e2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, no RDL 5/2015, d e30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público
Destinatario dos datos	Función Pública, á administración pública con competencia na materia, ó Boletín Oficial do Estado, ó Dirario Oficial de Galicia e o Boletín Oficial da Provincia
Dereitos das persoas interesadas	Dto. de acceso: pedir información dos datos persoais que dispoñamos acerca de vostede. Dto. de rectificación: comunicar calquera cambio nos seus datos persoais. Dto. de limitación ó tratamento: en algúns casos, solicitar a restrición do tratamento dos datos. Para máis información de cómo poder exercitar os seus dereitos dirxase ó resxitro d eentrada do Concello de Palas de Rei, sito na dirección arriba indicada, ou levar a cabo dita acción a través dos formularos que a entidade pon a súa disposición na sede eletrónica de Concello: https://palasderei.sedelectronica.es/info.0 . Si considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados non foi respetado, terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española d eProtección de Datos. (https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php).

Anexo I

PROCESO SELECTIVO: CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR O POSTO QUE SE RELACIONA.

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PALAS DE REI (LUGO)

POSTO DE TRABALLO AO QUE SE PRESENTA

DATOS PERSOAIS

APELIDOS E NOME	DNI
DOMICILIO	Tlf.
	e-mail

SOLICITO participar na convocatoria para selección de persoal identificada no encabezamento a cuxas bases me someto expresamente.

DECLARO BAIXO A MIÑA PERSOAL RESPONSABILIDADE que reúno os requisitos esixidos para participar no proceso segundo as bases que regulan a convocatoria e comprométome a aportar a documentación requirida no momento en que se me esixa polo órgano de selección.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndome a presentar os orixinais no caso de que me sexan requiridos.

ACHEGO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA ESIXIDA NAS BASES

- a) Copia do DNI ou pasaporte
- b) Estudos primarios ou equivalente
- c) Copia do Celga 2 ou equivalente

(Para o caso de non acreditar o Certificado Celga, enténdese solicitada a realización da proba de galego).

ACHEGO OS SEGUINTE DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS MÉRITOS (-acreditación-):

(Relacionar os documentos que se acompañan)

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- (...)

(Se resultara insuficiente este espazo, engadiranse outros folios, que deberán asinarse).

Engade follas adxuntas á relación de méritos? __ SÍ __ NON (marcar con X)

Nº de follas engadidas: ____.

_____, __ de _____ de 2025

(sinatura) DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Palas de Rei, 25 de novembro de 2025.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 3353

PANTÓN

Anuncio

Acordo do Pleno de data 29 de Outubro de 2025 da entidade de Pantón polo que se aproba definitivamente a modificación de créditos n.º 24/2025 do Orzamento en vigor, na modalidade de Suplemento de crédito, con cargo a Remanente líquido de tesouraría.

Logo de aprobar definitivamente o expediente de Suplemento de crédito, financiado con cargo ao Remanente líquido de tesouraría, ao non haberse presentado alegacións, publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Suplemento en aplicacións de gastos

Prog-Econ.	Crédito inicial	Suplemento crédito	Crédito final
136-221	3.000,00 €	3.130,40 €	6.130,40 €
136-227	23.000,00 €	4.657,90 €	27.657,90 €
153-210	15.000,00 €	1.224,28 €	16.224,28 €
153-227	30.000,00 €	22.215,60 €	52.215,60 €
153-619	224.191,12 €	106.768,17 €	330.959,29 €
160-619	51.479,45 €	25.540,89 €	77.020,34 €
161-221	88.000,00 €	184.268,78 €	272.268,78 €
161-226	3.914,64 €	245,00 €	4.159,64 €
161-227	24.000,00 €	22.073,69 €	46.073,69 €
161-619	24.134,45 €	24.291,91 €	48.426,36 €
162-213	10.000,00 €	2.110,82 €	12.110,82 €
162-221	55.000,00 €	27.120,61 €	82.120,61 €
162-227	95.000,00 €	118.367,54 €	213.367,54 €
165-221	195.000,00 €	166.160,63 €	361.160,63 €
171-213	5.000,00 €	10.120,05 €	15.120,05 €
171-221	25.000,00 €	36.529,13 €	61.529,13 €
171-226	3.000,00 €	309,27 €	3.309,27 €
171-227	3.000,00 €	1.185,80 €	4.185,80 €
231-212	2.800,00 €	2.206,07 €	5.006,07 €

231-221	30.000,00 €	4.695,80 €	34.695,80 €
231-227	69.000,00 €	62.789,25 €	131.789,25 €
231-467	29.600,00 €	14.010,22 €	43.610,22 €
241-226	47.797,50 €	4.009,60 €	51.807,10 €
312-221	5.000,00 €	10.807,57 €	15.807,57 €
320-221	7.700,00 €	6.400,78 €	14.100,78 €
320-227	1.520,00 €	592,36 €	2.112,36 €
320-467	11.800,00 €	17.102,44 €	28.902,44 €
330-221	10.000,00 €	3.229,92 €	13.229,92 €
330-226	100.000,00 €	92.221,53 €	192.221,53 €
340-226	7.000,00 €	7.647,42 €	14.647,42 €
340-227	1.000,00 €	1.752,08 €	2.752,08 €
430-226	28.227,61 €	819,00 €	29.046,61 €
450-213	8.500,00 €	8.630,81 €	17.130,81 €
450-227	16.000,00 €	2.770,18 €	18.770,18 €
920-216	20.000,00 €	254,10 €	20.254,10 €
920-220	6.300,00 €	2.700,01 €	9.000,01 €
920-221	17.000,00 €	7.528,69 €	24.528,69 €
920-222	13.500,00 €	9.094,01 €	22.594,01 €
920-224	7.000,00 €	2.135,30 €	9.135,30 €
920-226	80.000,00 €	29.028,64 €	109.028,64 €
920-227	60.000,00 €	7.289,59 €	67.289,59 €
TOTAL	1.457.464,77 €	1.054.035,84 €	2.511.500,61 €

Prog-Econ.	Crédito inicial	Suplemento crédito	Crédito final
161-609	69.240,28 €	42.365,06 €	111.605,34 €
161-619	24134,45	15.325,20 €	39.459,65 €
165-130	33.976,70 €	10.000,00 €	43.976,70 €
165-160	12.666,95 €	6.000,00 €	18.666,95 €

231-226	2.000,00 €	10.000,00 €	12.000,00 €
231-48	13.415,81 €	1.000,00 €	14.415,81 €
320-48	500,00 €	500,00 €	1.000,00 €
330-130	60.442,09 €	21.000,00 €	81.442,09 €
330-160	19.475,56 €	8.000,00 €	27.475,56 €
330-226	100.000,00 €	15.000,00 €	115.000,00 €
330-48	24.374,00 €	8.000,00 €	32.374,00 €
334-48	7.000,00 €	3.000,00 €	10.000,00 €
338-48	10.520,00 €	1.800,00 €	12.320,00 €
340-48	14.000,00 €	2.000,00 €	16.000,00 €
430-227	0,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €
450-226	15.000,00 €	15.000,00 €	30.000,00 €
920-130	50.852,00 €	2.800,00 €	53.652,00 €
920-160	56.312,47 €	400,00 €	56.712,47 €
920-216	20.000,00 €	10.000,00 €	30.000,00 €
920-227	60.000,00 €	33.000,00 €	93.000,00 €
912-48	6.000,00 €	10.000,00 €	16.000,00 €
TOTAL	599.910,31 €	220.190,26 €	820.100,57 €

Esta modificación finánciase con cargo a Remanente líquido de tesouraría, nos seguintes termos:

Suplemento en Concepto de Ingresos

Prog-Econ.	Crédito inicial	Suplemento crédito	Crédito final
870	2.279.734,72 €	1.274.226,10 €	1.005.508,62 €

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171. 3 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Pantón, 26 de novembro de 2025.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3354

Anuncio

Acordo do Pleno de data , do Concello de Pantón, polo que se aproba definitivamente o expediente de modificación de créditos n.º 26/2025 do Orzamento en vigor, na modalidade de Crédito Extraordinario financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería.

Logo de aprobar definitivamente o expediente de Modificación de Crédito mediante Crédito extraordinario financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería ao non terse presentado alegacións, publícase o

mesmo para o seu xeral coñecemento aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Estado de gastos

CRÉDITO EXTRAORDINARIO			
Aplicación presupuestaria	Crédito inicial	Crédito extraordinario	Crédito final
136-204	0,00 €	4.432,74 €	4.432,74 €
150-622	0,00 €	6.827,76 €	6.827,76 €
151-227	0,00 €	1.314,05 €	1.314,05 €
151-619	0,00 €	37.458,99 €	37.458,99 €
152-619	0,00 €	52.900,98 €	52.900,98 €
160-721	0,00 €	3.388,00 €	3.388,00 €
161-214	0,00 €	273,26 €	273,26 €
162-214	0,00 €	37.684,83 €	37.684,83 €
162-226	0,00 €	776,72 €	776,72 €
165-213	0,00 €	1.142,53 €	1.142,53 €
165-214	0,00 €	15.584,20 €	15.584,20 €
165-226	0,00 €	1.354,97 €	1.354,97 €
165-619	0,00 €	4.171,54 €	4.171,54 €
171-214	0,00 €	3.227,40 €	3.227,40 €
231-619	0,00 €	15.420,08 €	15.420,08 €
312-212	0,00 €	556,60 €	556,60 €
320-213	0,00 €	2.587,96 €	2.587,96 €
320-619	0,00 €	4.537,50 €	4.537,50 €
330-212	0,00 €	202,11 €	202,11 €
330-216	0,00 €	145,20 €	145,20 €
330-222	0,00 €	3.822,41 €	3.822,41 €
330-227	0,00 €	2.564,20 €	2.564,20 €
330-619	0,00 €	33.145,69 €	33.145,69 €
336-489	0,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €
340-221	0,00 €	6.516,05 €	6.516,05 €
340-619	0,00 €	17.338,34 €	17.338,34 €
450-214	0,00 €	217,80 €	217,80 €
450-221	0,00 €	35.378,57 €	35.378,57 €
450-619	0,00 €	26.796,45 €	26.796,45 €
920-212	0,00 €	472,49 €	472,49 €
920-230	0,00 €	13.601,19 €	13.601,19 €
TOTAL		348.840,61 €	348.840,61 €

Prog-Econ.	Crédito inicial	Crédito extraordinario	Crédito final
150-609	0,00 €	30.000,00 €	30.000,00 €
160-609	0,00 €	43.115,73 €	43.115,73 €
TOTAL	0,00 €	73.115,73 €	73.115,73 €

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería nos seguintes termos:

Estado de Ingresos

Prog-Econ.	Crédito inicial	Crédito extraordinario	Crédito final
870	1.005.508,62 €	421.956,34 €	583.552,28 €

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Pantón, 26 de novembro de 2025.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3555

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 169 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ó público que o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de novembro de 2025, aprobou inicialmente o orzamento consolidado para o exercizo económico 2026, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para o referido exercizo do Concello e da Fundación municipal “TerrEo”.

Por prazo de 15 días os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno; se durante o dito prazo non se presentase ningunha, considerarase definitivamente aprobado.

Ribeira de Piquín, 26 de novembro de 2025.- O alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 3356

O VICEDO

Anuncio

Téndose aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o expediente nº 9/25 de modificación do presuposto municipal de gastos para 2025, consonte ó acordo acadado na sesión extraordinaria celebrada o día 29 de outubro de 2025, ascendendo o seu importe á cantidade de TRESCENTOS CINCUENTA E NOVE MIL NOVECENTOS VINTE E CINCO EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (359.925,16 euros), de conformidade co preceptuado e, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do devandito presuposto queda da forma seguinte:

Capítulo I, Gastos de persoal:	1.263.657,50
Capítulo II, Gastos en bens correntes e servizos:	944.209,13
Capítulo III, Gastos financeiros:	1.000,00
Capítulo IV, Transferencias correntes:	73.580,00
Capítulo V, Fondo de continxencia e outros imprevistos:	----
Capítulo VI, Investimentos reais:	918.175,71
Capítulo VII, Transferencias de capital:	14.990,97
Capítulo VIII, Activos financeiros:	----
Capítulo IX, Pasivos financeiros:	----
SUMA TOTAL	3.215.613,31

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do expediente nº 9/25 de modificación de presuposto municipal de gastos para 2025, poderase interpor directamente recurso contencioso – administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso – administrativa.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Vicedo, 26 de novembro de 2025.- O alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3357
